

**PROGRAMACIÓN SELIC 2022**

**Venres 10/06**

17:00h. Apertura.

17:00h. Conferencia-demostración de **Laura Sáez** arredor do libro *Herbas de San Xoán* (Patas de Peixe).

18:30h. Proxección cinematográfica *As imaxes de Evita en Compostela, no 75 aniversario*, co fotohistoriador **Carlos Castelao** (Alvarellos Editora).

20:00h. 'Entre as letras e as notas', a xornalista **Belén López** entrevista ao pianista **James Rhodes**, sobre as súas obras *Fugas. O la ansiedad de sentirse vivo* (Blackie Books) e *Instrumental* (Rinoceronte).

**Sábado 11/06**

12:30h. **Árbore Azul** ofrece un contacontos en movemento para crianzas a partir do libro *Selva*, de Marina Gibert, obra gañadora do XIV Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado. Unha historia que vai medrando a través de posturas de ioga, de música, do ritmo da respiración e da imaxinación de todas as participantes. Na Fundación Granell.

12:30h. Conversa poética entre **Alba Doval** e **Ángel Suanzes** arredor dos seus primeiros poemarios *Unidade* (Rodolfo e Priscila) e *E se a memoria está na boca* (Urutau).

18:00h. O escritor **R.J: Peralta** e a ilustradora **Blanca Millán** contarán e cantarán os seus últimos traballos de álbum ilustrado, no lucernario da Fundación Granell.

18:30h. **Selina Otero** fala con **Beatriz Busto**, autora de *Pandereteiras de Mens* (aCentral Folque), sobre o papel das mulleres portadoras de literatura, baile e canto de tradición oral, desde unha perspectiva feminista e decolonial.

20:00h. 'Entre as letras e as notas', **Marta Veiga Izaguirre** pregúntalle a **Santiago Auserón** pola súa experiencia como investigador e ensaísta arredor das raíces históricas e culturais da música popular nas súas obras *Arte sonora* e *El ritmo perdido* (Anagrama).

**Domingo 12/06**

12:30h. A editora **Patas de peixe** conta o conto *Queda sitio na vasoira?*, no lucernario da Fundación Granell, coa axuda de toda a cativada que queira vir vestida de bruxa e participar nun aquelarre infantil.

12:30h. **Manuel Cantarero** presenta a novela **Nadin** (Bunker Books), baseada no caso real dunha moza nixeriana obrigada a prostituírse tras chegar a Europa, primeiro París e finalmente Madrid.

17:00h. Obradoiro de banda deseñada con **Alfonso Barreiro (Fon)**, autor de **Cósmico, o bombeiro galáctico** (III Premio O Garaxe Hermético), no lucernario da Fundación Granell.

17:00h. O xornalista e escritor **Javier Becerra** e o violinista da Orquestra Sinfónica de Galicia **Mihai Tanasescu** debullan o disco de Xoel López, **Atlántico**, e todos os seus segredos.

18:30h. **Pilar Sampedro** e **Henrique Alvarellos** entrevistan a **Xosé Lastra Muruais** arredor do libro **Retorno sen volta** (Alvarellos), co que vén de gañar o XLVII Premio de Poesía Concello de Vilalba.

20:30h. Concerto de **La banda de Juan Perro** no Auditorio de Galicia.

#### **Luns 13/06**

18:30h. Diálogo poético entre **Luz Pichel** e **María Salgado**, que entrecruzarán os seus últimos traballos: **Alén, alén** e **Salitre** (La uña rota), obras de forte contido persoal nas que exploran a identidade e os límites da linguaxe.

20:00h. **Arancha Estévez**, **María Canosa** e **Melania Cruz** comparte o seu achegamento literario e teatral ao universo María Casares, no centenario do seu nacemento a través das obras **María Casares. A célebre refuxiada, a descoñecida** (Aira editorial) e **María Casares. A impaciencia por vivir** (Bululú).

#### **Martes 14/06**

18:30h. **Diego Ameixeiras** e **Mr. Cool** (Ramón Orencio) repasan a pegada musical en **O cervo e a sombra** (Xerais), novela coa que o autor ourensán vén de gañar o Premio da Crítica española e mais o Premio Follas Novas á mellor obra narrativa de 2021.

20:00h. Lectura aberta de textos de **Domingo Villar**, homenaxe do público da Selic ao narrador recentemente falecido. **Ollos de auga**, **A praia do afogados**, **O último barco** e **Algúns contos completos** (Galaxia).

#### **Mércores 15/06**

18:30h. Conversa e escenificación de **Nico Campos** e **Evaristo Calvo** arredor do volume **Estampas do mundo elegante**, coa que os nomes máis destacados da cultura galega homenaxean a **Chichi Campos**.

20:00h. **Xesús Fraga, Berta Dávila e Blanca Riestra** falan da autoficción e dos mapas dos afectos que teceron nas súas últimas novelas: ***Virtudes e misterios*** (Galaxia), ***Os seres queridos*** (Xerais, Premio Nacional de narrativa) e ***Aquí comeza o mar*** (Galaxia, Premio Blanco Amor).

**Xoves 16/06**

18:30h. **Diego Salgado, Jack Ruán, Víctor Castro e Roberto Lago** son ***Improversados*** e visitan a Selic para facer unha improvisación literaria explorando novas canles para a literatura oral do século XXI.

20:00h. As actrices **Mónica Camaño, Inés Salvado e Xose Barato** len textos de **Irmáns Cartoné: *A arañeira*** (Joseph Roth), ***O ganso salvaxe*** (Mori Ogai), ***Cabalo baio, xinete pálido*** (Katherine Anne Porter) e ***Mathilda*** (Mary Wollstonecraft Shelley).

**Venres 17/06**

17:00h. O autor catalán **Sebastià Portell Clar** conversa co editor **Paco Macías** (Positivas) sobre ***O día que morreu David Bowie***.

18:30h. Diálogo literario da Fundación Carlos Casares arredor da novela de Begoña Caamaño ***Morgana en Esmelle***, no 10º aniversario da súa publicación. Con **Mariana Carballal**, voz recitativa, e co grupo de arpas e voces **Lulavai**.

20:00h. **Xavier Queipo, Ramón Caride, Xerardo Méndez, Santiago Jaureguizar, Xurxo Borrazás e Fran Alonso** len textos propios nun acto de reivindicación da xeración literaria que non existiu, a súa: 'Relatos da xeración que non foi'.

**Sábado 18/06**

12:30h. Actuación musical e teatral arredor de ***Little neno descobre os Beatles*** (A Reixa Tenda), co actor **Jaime Pantoja**, a cantante **Carla Álvarez**, o guitarrista **David Vázquez** e a intérprete de lingua de signos **Tareixa Martínez**.

17:00h. Palestra 'Músicas medievais hoxe' con **Begoña Olavide** no Centro Sociocultural A Trisca. Entrada de balde, previa inscrición en [www.folque.com](http://www.folque.com).

18:30h. **Jaime Pantoja, Dani Llabres e Fran Villasenín** conversan sobre a serie de libros protagonizados por Little neno, en especial, ***Little neno descobre os Kinks*** (A Reixa Tenda).

20:30h. **Xelís de Toro** e o pianista **Alejandro Vargas** poñen música ao manifesto ***Máis alá*** de **Manuel Antonio** (aCentral Folque) no Teatro Principal.

# SELIC 2022

## Domingo 19/06

12:30h. As **Aldaolado** tecen coa **Furia necesaria** a poesía, a música e o humor.

17:00h. **María Caiña** e **Antonio Piñeiro** conversan arredor das obras coas que gañaron o I Premio e o accésit dos galardóns Selic de Creación Literaria 2021: **Como agullas finas cravadas no pescozo** (teatro) e a novela **Os acios antergos** (Positivas).

18:30h. **Marta Sanz** e **María Folguera** conversan sobre a escritura desde o corpo e sobre a relación coa dor e co pracer, a través das súas obras **Parte de mí** (Anagrama) e **Hermana. Placer** (Alianza).

20:00h. **Begoña Olavide** e **Javier Bergia** musican poemas de **Miguel Hernández**.